

X. M. Pérez Sardiña (2004): "Os sistemas adverbiais referentes xerados sobre as bases léxicas 'riba' e 'baixo' en Irís (Cabanas-A Coruña)", en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 4, 375-382.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

## OS SISTEMAS ADVERBIAIS REFERENTES XERADOS SOBRE AS BASES LÉXICAS “RIBA” E “BAIXO” EN IRÍS (CABANAS-A CORUÑA)

*Xosé Manuel Pérez Sardiña*

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

### 1. INTRODUCCIÓN

Na nosa lingua seguen existindo eidos de estudio sen unha sistematización pomenorizada. No marco que nos ofrece este Congreso, “A lingua galega: historia e actualidade”, procuráronos achegar a un deses ámbitos aínda ermos cun relatorio que parte da lingua viva e que se relaciona por unha banda coa súa dialectoloxía e pola outra coa súa descrición gramatical.

O tratamento heteroxéneo que reciben os adverbios relativos de lugar merece unha abordaxe específica dende a fala viva. Só con botarmos unha ollada ós distintos dicionarios e gramáticas xa nos damos conta de que as explicacións gramaticais achegan tanto uns usos pouco clarificados coma uns valores espaciais que precisan ser concretados e matizados.

A nosa investigación comezou coa recollida de materiais de traballo nunha serie de enquisas concernentes á toponimia menor da parroquia de Irís, situada á beira do río Eume, próxima xa á súa ría. Nun contorno netamente rural, realizamos hai tres anos sete gravacións a persoas de entre corenta e noventa anos, que para esta exposición apoiáronos con outra serie de casetes realizada neste mesmo lugar máis recentemente e complementada a maiores con algunhas máis de parroquias adxacentes (Cabanas, Santa Cruz do Salto e mais Suaserra). Con isto pretendemos mellora-los resultados iniciais, que realmente non eran determinantes para os valores e a penas apuntaban un feixe de usos<sup>1</sup>.

<sup>1</sup> En total xuntamos 19 informantes, dos cales 8 son de Irís. A depuración posterior do material proporcionounos un total de 634 ocorrencias, 307 pertencentes a Irís e o resto, 327, repártense entre Cabanas (35), O Salto (36) e mais Suaserra (253).

A descrición que se ofrece na gramática de R. Álvarez *et alii* verbo destes adverbios *-riba/baixo*, *arriba/abaixo*, *derriba/debaixo* e *enriba/embaixo*– enmarcará o noso traballo. As observacións concretas nas que baseámo-la análise sinalan, para o plano vertical desta clase de adverbios, tres aspectos (Álvarez *et alii*, 1992<sup>3</sup>, pp. 426-430):

1°. A referencia ‘precisa’, no caso de *de-*, e ‘extensa’, no caso de *a-*.

2°. A ‘dirección ascendente/descendente’ exprésase con *a-*, fronte á ‘situación’, que amosa unha expresión dobre: *a-/en-*. Pero ademais para esta deíxe espacial tamén se fai pertinente a distinción entre a ‘situación de contacto’, *de-/en-/encima* fronte a *debaixo* e mais a de ‘non contacto’, expresada a través de *en-/encima* fronte a *debaixo*.

3°. O adverbio *enriba* convértese nun elemento anómalo polo seu dobre papel (*enriba de/debaixo de* expresando ‘contacto’ ou *enriba/embaixo* ‘non contacto’).

No seu conxunto indica que as diferentes formas “poden intercambiarse libremente cunha certa liberdade” (Álvarez (1992<sup>3</sup>, p. 427). Trataremos de aclarar dende unha perspectiva dialectal esta apreciación, atendendo o uso individual e logo o uso representativo no conxunto da parroquia, iso si, contrastado no posible co doutras adxacentes. Daquela, fundamentarémola análise en tres variables: o informante, a forma adverbial relativa e mailo marco sintagmático desa forma, procurando deste xeito os posibles contextos opositivos.

Ademais as combinacións dos adverbios relativos con frase preposicional *-derriba de/debaixo de* ou *arriba de/abaixo de*– non van ser consideradas puramente preposicionais, xa que as cremos máis próximas da deíxe adverbial. Hai que ter en conta que o sintagma preposicional introducido por *de* segue a facer explícito o referendo do adverbio, co que a posible elisión deste sintagma está condicionada por unha mención anterior no discurso.

## 2. VARIANTES FORMAIS

As variantes formais dos adverbios que se nos ofrecen nas gravacións practicamente coinciden co estándar. Fóra as elisións e contraccións vocálicas ás que se poden ver sometidas estas formas, existen outros fenómenos como o da labialización esporádica: [do'riβa], ou mesmo a maior ou menor palatalización da pretónica: [æ'riβa]. A principal diverxencia coa descrición gramatical estaría no emprego de novos adverbios con vocal pretónica alongada, sen xustificación contextual inmediata: [a: 'riβa]/[a: 'βæjβo]<sup>2</sup>, e que en varios falantes entra en competencia coas orixinarias *arriba/abaixo*. No plano consonántico pouco máis habería que notar á parte das realizacións máis ou menos palatais do estándar [j] nos adverbios que teñen como base *baixo*.

<sup>2</sup> Para maior comodidade representarémolas formas como *àriba* e *àbaixo*, respectivamente.

A tipoloxía de contextos para analizar recolleuse a partir dunha síntese dos contornos sintácticos. Como ocorre coa maioría dos adverbios, as formas galegas poden desempeñar as funcións de modificador ou de núcleo de frase adverbial, pero parecenos máis pertinente unha sistematización que considerase as clases de palabras adxacentes. Fundamentalmente, as distintas variantes distribúense segundo as preceda unha preposición, un adverbio de lugar absoluto, un substantivo, un pronome ou formen un sintagma su-peditado directamente ó verbo principal da oración.

### 3.1. O uso con preposición

Trátase, sen dúbida, do uso máis regularizado e menos anómalo, tanto a nivel individual coma de conxunto.

A preposición *para* presenta *riba* e *baixo* como xerais en tódolos informantes desta parroquia. As formas principiadas por *en-* non participan en ningunha construción e as ocorrencias de *a-* ou *de-* son moi minoritarias e esporádicas.

- (1) *Seguindo para riba tes Os Currás* (i1<sup>3</sup>).
- (2) *A billa tirábase por ela para riba e levantabas unha palanca* (i2).
- (3) *O camiño, desde aquí, colle para riba* (i3).
- (4) *Eu para riba subía, o malo era despois baixar* (i4).
- (5) *E para riba chámase As Funtiñas* (i5).
- (6) *Para baixo do murallón chámalle O Penedo Grande* (i6).
- (7) *Estes montes todos que ves da estrada para riba* (i7).
- (8) *Do Cutiño para baixo todo é de Irís* (i8).

Os casos excepcionais que se reproducen en cadanseu exemplo de Cabanas e mais Irís a penas teñen relación.

- (9) *...no camiño que está feito novo, para abaixo, por alí é A Alaxe* (i5).
- (10) *Van para derriba da casa (para o alprende) de teu tío* (ca).

Non podemos constatar unha tendencia neste informante de Irís para as formas en *a-* como única expresión de 'estado' o que nos fai interpretar o exemplo coma unha anomalía aparente e esporádica. Se observámo-lo corpus doutro informante, o i4, que expresa exclusivamente con *a-* a 'situación', constatamos que non propaga estas formas a este contexto preposicional.

A outra forma excepcional, *derriba*, optamos por separala do conxunto porque o caso está recollido do corpus de apoio, en Cabanas, e coidamos que cun só exemplo non podemos dar conta dunha deixé concreta e oposta pertinentemente á case xeral de *riba/baixo* en combinación con *para*, pois a práctica totalidade das ocorrencias rexistran esta última solución no resto dos informantes de apoio.

<sup>3</sup> De aquí para diante singularizarémo-los informantes cun número e mais cunha letra inicial das correspondentes parroquias: i= Irís, ca= Cabanas, sa= Salto e su= Suaserra.

Unha situación semellante tamén a temos en contextos coa preposición *por*.

- (11) *E o outro pasa por riba* (i2).
- (12) *Algún leábase por aí por baixo cando as torzas do viño* (i3).
- (13) *Iamos por aquí por riba* (i4).
- (14) *A Costeira está por riba das casas de todo* (i5).
- (15) *Despois por baixo hai outro camiño* (i6).
- (16) *Por aí por baixo están estes montes, As Táboas* (i7).
- (17) *Amarra os zapatos por baixo* (i8).

Confirmase así mesmo o paralelismo de usos nun dos casos anómalos, a ocorrencia con formas principiadas por *a-*. Esta parece máis asentada na parroquia de Suaserra, onde teriamos unha alternancia entre *a-* e *riba/baixo* en tres informantes, sendo esporádica en Irís:

- (18) *Non lle facía dano a ningún unha pista por aí por abaixo* (i4).
- (19) *Deixabas por arriba un furadiño para poñerlle lume á foia* (su1).
- (20) *Entón despois hai uns cunqueiros que teñen uns furados por abaixo* (su2).
- (21) *Eles van vir por arriba, polo Cristo* (su3).

O caso concreto de Irís pódese atopar influído pola secuencia *por*+adverbio<sup>4</sup>, contexto este que presenta como única opción as formas con *a-*.

Por outra banda, varios informantes posúen unha oposición que se perfila como máis común<sup>5</sup>, e que ten nos adverbios principiados por *de-* o seu segundo elemento:

- (22) *Por debaixo da casa de Aurea* (i1).
- (23) *Coma se botaras cinza ó azúcar por derriba* (i2).
- (24) *A folla xa pasaba por derriba dun* (i3).
- (25) *Metíanse os gatos por debaixo da entrada da casa* (i4).
- (25) *Alí por debaixo do Paraíso mesmo teñen unha tenza de monte* (i6).

Esta oposición que se dá con *por* podería ser extensible ó caso de *para*, non sendo máis ca simples variantes circunstanciais as formas que teñen *a-* en ámbolos contextos. Conservaríase entón a pertinencia da oposición ‘contacto’/‘non contacto’ na metade dos falantes (5), expresando as formas *riba/baixo* o segundo dos trazos semánticos cun matiz engadido de ‘-precisión’; certamente a ‘dirección’ (*a-*) non sería determinante. Daquela, a ‘situación de non contacto’, expresada noutros contextos por *en-* ou *a-*, ten nesta e nas outras concorrencias con preposición unha expresión propia.

A preposición que indica ‘orixe, procedencia’, *de*, presenta anomalías a nivel individual. Os usos maioritarios das formas *baixo/riba* teñen nun mesmo falante interferencias coas variantes *abaixo/arriba*.

<sup>4</sup> Vid. *infra* §3.2.

<sup>5</sup> Estas formas non aparecen nos informantes de Suaserra que teñen en competencia *arriba/abaixo* con *riba/baixo*, pai (su2) e fillo (su4).

- (26) *Hai Formaris de Abaixo e mais o de Arriba, como o Salto de Abaixo e mailo de Riba* (i3).  
 (27) *Eses montes, como dixo Manuel, son de arriba das casas* (i5).  
 (28) *Picaban o de baixo, que non se picaba namais có de abaixo* (sa1).  
 (29) *Fixemos un cano desde alí de abaixo do cementerio* (su5).

Nos dous informantes de Irís, estes casos teñen un carácter diverxente. Para o primeiro prodúcese a irregularidade na toponimia maior, mesmo alternando coas formas simples, mentres na menor i3 fai uso exclusivo dos adverbios *riba/baixo*. A outra persoa enquisada, i5, caracterízase polo uso de formas *a-* para 'situación' e 'dirección', e este feito coincide fundamentalmente co dos outros dous informantes veciños, de Suaserra e mais do Salto, nos que tamén se dá a dobre posibilidade xa no exemplo (28) ou en:

- (29) *A column de baixo e maila de riba xa eran dos vellos* (i5).  
 (30) *Había un camiño por baixo, ... e outro polos montes de riba* (su5).

Con esta preposición non se recollen combinacións integradas polos adverbios *de-baixo/derriba*. A súa ausencia non se pode afirmar con certeza, pero non se fai raro oír (31) e mais (32):

- (31) *Bota o gato de debaixo* (da cama).  
 (32) *Collín o pan de derriba* (da mesa).

O certo é que as formas *baixo* e *riba* son as únicas que atopamos na nosa investigación. Tanto *encima* coma as formas con *a-* pódense caracterizar como marxinais para este contexto, cun escasísimo número de exemplos.

A preposición *desde/dende* tampouco non ten outras formas fóra de *baixo/riba*.

- (33) *Vai desde baixo* (i2).  
 (33) *É O Monte Cativo desde baixo* (i3).  
 (34) *E entón dende baixo hai que ir tomando medida* (sa).

O outro contexto prepositivo do que temos datos amosa certa harmonía co que vimos observando. Trátase de combinacións con *ata* que admiten, segundo o falante, *baixo* ou *arriba*:

- (35) *O Soutullo é ata baixo, ata Bolbís* (i3).  
 (36) *Veña aló, ata arriba* (su).

### 3.2. Os usos na posposición a adverbios absolutos, substantivos e mais pronomes

Comezaremos analizando novamente a maior regularidade nos usos adverbiais. Tamén neste caso se ven implicadas dúas preposicións moi concretas, *de* e *por*, ás que temos que engadir un novo factor, a intercalación doutros elementos, que parece rexer unha solución morfolóxica case exclusiva.

Coa preposición *por* a regularidade é absoluta, non se admiten formas distintas de *abaixo/arriba*, tanto se se trata de adverbios absolutos como de substantivos ou pronomes:

- (37) *(Estivemos) en Cervera, tirando cañonazos por alí arriba* (i1).  
 (38) *Cantaban pola estrada abaixo que era unha marabilla* (i3).  
 (39) *Salpicaba a tinta por ti abaixo, polas libretas... ¡O demo!* (su5).

Pola contra, *de+adverbio absoluto* presenta outro comportamento. Segue habendo casos de *a-*, pero tamén se empregan *de-* e *en-*.

- (40) *O señor de aquí arriba tivo unha filla* (i4).  
 (41) *É de aí derriba* (i5).  
 (42) *Teu pai díxolle á veciña de aí abaixo que...* (ca).  
 (43) *Tirouse de aí embaixo* (Su5).

En todo caso só podemos acepta-la expresión da ‘situación’ quer de ‘contacto’ (*de-*) quer de ‘non contacto’ (*a-/en-*) neste contexto. É lóxico que os trazos semánticos da preposición *de* esixan unha localización estática. O exemplo (41) do informante de Cabanas cadra en canto que expresa con *a-* tanto a ‘situación’ coma o ‘movemento’<sup>6</sup>.

No caso de posposición a un adverbio absoluto ou substantivo non dependentes de preposición obsérvase un uso diferente. O substantivo, normalmente referido a accidentes xeográficos, implica a ocorrencia exclusiva de formas con *a-*:

- (44) *Ías coto abaixo* (i3).  
 (45) *Atravesabas monte abaixo* (i5).

se ben hai que ter en conta o paralelismo cos sintagmas de *por+adverbio absoluto*, o que debe determinar en grande medida esta escolla exclusiva.

A situación tórnase máis complexa no caso de ir posposto a un adverbio de lugar non referente, xa que aquí si caben as tres posibilidades, *a-/en-/de-*, e parece que a triple oposición só ten como atranco a competencia entre *a-/en-* (i2) ou a simplificación que se produce en favor de *a-* (i8):

- (46) *Aquí debaixo da Canteira é o Souto* (i1).  
 (47) *A parroquia de Iris chega alí enriba ó marco do Salto. Alá abaixo, na casa de baixo, hai unha tinalla* (i2).  
 (48) *Aquí derriba chamábanlle A Fraga do Rei. Aquí enriba hai unha fonte. Tes aquí àbaixo do Paso Cativo A Pena Chá* (i3).  
 (49) *Está aí debaixo das leiras de Manuel* (i5).  
 (50) *A Fraga da Pena é aí embaixo* (i6).  
 (51) *Aquí àriba desta casa... é onde dividen a parroquia de Iris e a de Santa Cruz* (i7).  
 (52) *Ese sitio que che dixen eu aí arriba* (i8).

<sup>6</sup> Cf. cos usos de *para*.

Non podemos afirma-la simplificación para *en-* ou *de-* por falta de contextos, aínda que si podemos constatar unha tendencia no i1 cara á simplificación en *de-* e no i5 a designación dobre de *a-* ('situación' e mais 'dirección').

É nestes contextos onde se presenta *à-*, indicando 'dirección' e mais unha referencia 'extensiva', seguido case sempre dun sintagma preposicional introducido por *de*, característica que o singulariza fronte a *a-*, co que compite en su1, sen que haxa posibles concorrencias nos outros casos:

(53) *Parte aquí no catro e medio, aquí xunta Funfría mesmo, aí àbaixo do corte ese. A árbore foi criada aí enriba de seixos ou Ves aquela árbore grande que está alí enriba* (sa).

(54) *Estaban aquí àriba do Ghaiteiro. Están alí embaixo no fondo. O torgo que queda aí debaixo, era o mellor, o que calla máis.* (su).

(55) *Quixemos facer un banco alí àbaixo de Xabaris. Estivemos deitados aló embaixo. A fonte do San Roque estaba tan lonxe coma de aquí aí abaixo, ós Lamas.* (su1).

### 3.3. Os usos condicionados polo verbo

O factor máis importante que incide neste contexto, o verbo, pode determinar en certo grao a escolla dunha ou doutra opción adverbial, xa que, de principio, impón limitacións de tipo semántico.

Deste xeito, *estar* e *ser* esixen unha 'situación', o que se relaciona directamente co predominio das formas *en-* e *de-*.

(56) *Os Reises xa están debaixo de Santa Cruz* (i1).

(57) *Iso é a roda embaixo, hò* (i2).

(58) *Ti estabas debaixo e ela derriba* (i3).

(59) *O Chao do Monte tes razón ti que é arriba no coto* (i5).

(60) *A Fonte escura é embaixo. Volve a ser àbaixo do camiño. Si, é debaixo da Caneta* (i6).

Pero o esporádico uso de formas principiadas por *à-* relaciónase concretamente coa localización dinámica dun lugar. Así é, tamén se dan as formas *à-/de-/en-* nun dos informantes de Suaserra:

(61) *Inda é àriba do Seixo. Está debaixo da terra. Están embaixo, no fondo* (su).

O valor desas formas relaciónase coa 'dirección' (e indirectamente coa 'situación de non contacto'), ademais de ser '-concreta', fronte a *en-* que só pode expresar 'situación de non contacto' ou a *de-* que designa unha 'situación de contacto' e ambas serían '+concretas'.

Así mesmo, limítanse a unha dobre oposición a maior parte dos verbos recollidos: *baixar* admite *a-/à-* 'dirección' (como vulgarismo) e *en-* 'situación'; *caer en-* ou *de-* ('situación de non contacto' ou de 'contacto'); *ter*, *chegar* ou *empezar en-* ou *a-* co mesmo trazo de 'situación de non contacto'; en *meter(se)* e *poñer(se)* predomina claramente *de-* ('situación de non contacto'), aínda que non serían imposibles *en-/a-*.



Mais, si que concorren os tres trazos deícticos con *haber* (sendo posibles formas principiadas por à-), *ir*, *botar*, *vir*... para os que, segundo os falantes, habería unha oposición formal *a-/de-* ou *a-/de-/en-*.

#### 4. CONCLUSIÓN

Coa descrición que vimos de facer cremos fixada, por unha banda, unha serie de patróns de comportamento para estes adverbios e, pola outra, unha serie de contextos opositivos. Deste xeito, podemos perfilar con bastante nitidez a existencia de dous sistemas adverbiais referentes, sendo elemento determinante a existencia ou non de *en-*, e en consecuencia, a asunción de dúas deíxes por parte de *a-*. Podemos apreciar ademais a natureza da deíxe; o xeito de designar destes adverbios móvese por lindeiros pouco marcados e difusos, o que podería ser un dos motivos para que se produza o avance de formas principiadas por *a-*. Esta precariedade pódese chegar a solucionar en falantes moi concretos coa sincretización dos valores de ‘situación de non contacto’ e ‘dirección’ en *abaixo/arriba*, mais o normal é que se manteña a oposición distintiva de tres elementos, con lixeiras interferencias, proposta por Álvarez *et alii* (1992, 427)<sup>7</sup>. Nos contextos prepositivos, ós que tamén se expande *a-*, aparecen novas irregularidades, e de teren unha oposición binaria (*riba-baixo/derriba-debaixo*) poden pasar a unha de tres elementos, con dous deles (*riba-baixo/arriba-abaixo*) nun estado, aínda non xeneralizado, de competencia de usos.

#### BIBLIOGRAFÍA

- Alarcos Llorach, E., *Estudios de Gramática Funcional del español*, Madrid, Gredos, 1980<sup>3</sup>.  
 ALGa = Instituto da Lingua Galega, *Atlas Lingüístico Galego. Morfoloxía non verbal*, A Coruña, Fundación “Pedro Barrié de la Maza”, 1995.  
 Álvarez Blanco, R. *et alii*, *Gramática Galega*, Vigo, Galaxia, 1992<sup>3</sup>.  
 Bühler, K., *Teoría del Lenguaje*, Madrid, Revista de Occidente, 1950.  
 Coseriu, E., *Teoría del Lenguaje y Lingüística General. Cinco Estudios*, Madrid, Gredos, 1967<sup>2</sup>, pp. 282-323.  
 Fernández Rei, F., *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Xerais, 1990.  
 Porto Dapena, J. A., *El gallego hablado en la comarca ferrolana*, Anexo 9 de *Verba*, 1977.  
 Santamarina Fernández, A., “El adverbio gallego. Estudio basado en el habla del Valle de Suarna (Fonsagrada, Lugo)”, *Verba*, 2, 1975, pp. 59-106.

<sup>7</sup> Os datos do ALGa (1995), que recolleemos do mapa relativo a estas formas, indican para a combinación co verbo *estar arriba*, na Queira-Ares (C.8), e *enriba*, en Pontedeume (C.9) e mais Espiñaredo (C.6). En Ferrolterra rexístranse *arriba-abaixo*, que teñen como variantes *enriba-embraixo* “en hablantes menos castellanizantes”, e tamén *derriba (encima) -debaixo-* (Porto Dapena, J. A., 1977, p. 207).